PARLAMENTO DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 1 VIII lexislatura Serie Pleno

Sesión plenaria
1 de abril de 2009

Presidencia da Excma. Sra. D.ª Pilar Rojo Noguera

ORDE DO DÍA

Punto único.- Sesión constitutiva do Parlamento de Galicia
Constitución da Mesa de Idade
Elección da Mesa do Parlamento
Constitución da Mesa do Parlamento
Promesa ou xuramento de acatar a Constitución
e o Estatuto de autonomía de Galicia

Constitución da Mesa de Idade

O señor letrado oficial maior comunícalle á Cámara os integrantes da Mesa de Idade, que son: o deputado de maior idade, don Francisco Julio Cerviño González, e os dous deputados máis novos, dona Marta Valcárcel Gómez e dona Silvia Belén Fraga Santos, e rógalles que ocupen os seus postos na Presidencia co fin de constituír a Mesa de Idade. (Páx. 4.)

Ábrese a sesión ás once e sete minutos da mañá.

O señor presidente da Mesa de Idade declara aberta a sesión, e rógalle á señora secretaria que lles dea lectura ao decreto de convocatoria e á relación de deputados electos, así como aos recursos contencioso-electorais interpostos. (Páx. 4.)

A señora secretaria da Mesa de Idade (Valcárcel Gómez) le o decreto de convocatoria e a relación de deputados electos. (Páx. 4.)

O señor presidente da Mesa de Idade concédelle a palabra, por unha cuestión de orde, ao señor Ruíz Rivas. (Páx. 6.)

Elección da Mesa do Parlamento

Elección de presidenta ou presidente

O señor presidente da Mesa de Idade explica o procedemento que hai que seguir para esta elección e rógalle á señora secretaria que proceda a efectuar o chamamento das señoras e dos señores deputados para que depositen o seu voto na urna. (Páx. 6.) *A señora secretaria (Valcárcel Gómez) procede a efectuar o correspondente chamamento das señoras e dos señores deputados, que depositan o seu voto na urna.* (Páx. 6.)

Votación: *dona Pilar Rojo Noguera, 38 votos; votos en branco, 36 votos.* (Páx. 6.)

En consecuencia, queda proclamada presidenta, cos votos requiridos da maioría absoluta, dona Pilar Rojo Noguera. (Páx. 6.)

Elección de vicepresidentas ou vicepresidentes

O señor presidente da Mesa de Idade explica o procedemento para esta elección e rógalle á señora secretaria que proceda a efectuar o chamamento das señoras e dos señores deputados para que depositen o seu voto na urna. (Páx. 6.) *A señora secretaria (Valcárcel Gómez) fai o correspondente chamamento das señoras e dos señores deputados, que depositan o seu voto na urna.* (Páx. 6.)

Votación: *don José Manuel Baltar Blanco, 38 votos; don Ricardo Jacinto Varela Sánchez, 36 votos.* (Páx. 6.)

En consecuencia, queda proclamado vicepresidente primeiro don José Manuel Baltar Blanco e vicepresidente segundo don Ricardo Jacinto Varela Sánchez. (Páx. 6.)

Elección de secretaria ou secretario e de vicesecretaria ou vicesecretario

O señor presidente da Mesa de Idade explica o procedemento para esta elección e rógalle á señora secretaria que proceda a efectuar o chamamento das señoras e dos señores deputados para que depositen o seu voto na urna. (Páx. 7.) *A señora secretaria (Valcárcel Gómez) fai o correspondente chamamento das señoras e dos señores deputados, que depositan o seu voto na urna.* (Páx. 7.)

Votación: *don José Manuel Balseiro Orol, 38 votos; don Anxo Manuel Quintana González, 36 votos.* (Páx. 7.)

En consecuencia, queda proclamado secretario don José Manuel Balseiro Orol e vicesecretario don Anxo Manuel Quintana González. (Páx. 7.)

Constitución da Mesa do Parlamento

O señor presidente da Mesa de Idade rógalles ás señoras e aos señores deputados membros da Mesa que pasen a ocupar os postos para os que foron elixidos. (Páx. 7.)

Promesa ou xuramento de acatar a Constitución e o Estatuto de autonomía de Galicia

Para darlle cumprimento ao artigo 5 do Regulamento, en primeiro lugar prestan o seu xuramento ou promesa a señora presidenta e os demais membros da Mesa e, a continuación, por orde alfabética, os demais deputados e deputadas. (Páx. 7.)

A señora presidenta diríxelle á Cámara as súas primeiras palabras. (Páx. 7.)

Todas as señoras e señores deputados, postos en pé, cantan o himno galego.

Remata a sesión ás doce e corenta e dous minutos do mediodía.

O señor LETRADO OFICIAL MAIOR (Sarmiento Méndez): Señorías, rógolles que ocupen os seus escanos.

Verificadas as declaracións presentadas por cada un dos deputados e deputadas proclamados electos, resulta ser o deputado electo de maior idade don Francisco Cerviño González; e as deputadas máis novas, dona Marta Valcárcel Gómez e dona Silvia Belén Fraga Santos.

Constitución da Mesa de Idade

O señor LETRADO OFICIAL MAIOR (Sarmiento Méndez): Rógolles que comparezan na Presidencia co fin de constituír a Mesa de Idade. *(O señor Cerviño González, a señora Valcárcel Gómez e a señora Fraga Santos pasan a ocupar os seus postos na Presidencia.)*

Ábrese a sesión ás once e sete minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE DA MESA DE IDADE (Cerviño González): Bos días, ábrese a sesión.

Rógolle á señora secretaria, dona Marta Valcárcel Gómez, que lles dea lectura ao Decreto de convocatoria de eleccións e á relación de deputadas e deputados electos, así como á comunicación sobre os recursos contencioso-electorais interpostos, se é que é o caso.

Señora Valcárcel Gómez, por favor.

A señora SECRETARIA DA MESA DE IDADE (Valcárcel Gómez): Decreto 1/2009, do 5 de xaneiro, de disolución do Parlamento de Galicia e de convocatoria de eleccións:

De acordo co previsto na Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril do Estatuto de autonomía de Galicia, na Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro, pola Lei 12/1989, do 4 de outubro, pola Lei 7/2002, do 27 de decembro, pola Lei 2/2007, do 28 de marzo, e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo, e na Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia, modificada pola Lei 15/1992, do 30 de decembro e pola Lei 12/2004, do 7 de decembro, e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 18 de decembro de 2008, dispoño:

Artigo 1.º
Queda disolto o Parlamento de Galicia elixido o día 19 de xuño de 2005.

Artigo 2.º
Convócanse eleccións ao Parlamento de Galicia, que terán lugar o día 1 de marzo de 2009.

Artigo 3.º
En aplicación do artigo 9 da Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia, modificada pola Lei 15/1992, do 30 de decembro, e pola Lei 12/2004, do 7 de decembro, o número de deputados correspondente a cada circunscrición é o seguinte: A Coruña, 24; Lugo, 15; Ourense, 14; Pontevedra, 22.

Artigo 4.º
A campaña electoral durará quince días. Comezará ás 00.00 horas do venres día 13 de febreiro de 2009 e finalizará ás 24.00 horas do venres 27 de febreiro de 2009.

Artigo 5.º
Celebradas as eleccións convocadas por este decreto, a Cámara resultante reunirase para a súa sesión constitutiva o día 1 de abril do 2009 ás 11.00 horas.

Artigo 6.º
As eleccións convocadas por este decreto rexeranse pola Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de réxime electoral xeral, modificada pola Lei orgánica 1/1987, do 2 de abril, Lei orgánica 8/1991, do 13 de marzo, Lei orgánica 6/1992, do 2 de novembro, Lei orgánica 13/1994, do 30 de marzo, Lei orgánica 3/1995, do 23 de marzo, Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, Lei orgánica 1/1997, do 30 de maio, Lei orgánica 3/1998, do 15 de xuño, Lei orgánica 8/1999, do 21 de abril, Lei orgánica 6/2002, do 27 de xuño, Lei orgánica 1/2003, do 10 de marzo, Lei orgánica 16/2003, do 28 de novembro, Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo e Lei orgánica 9/2007, do 8 de outubro; así como pola Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia, modificada pola Lei 15/1992, do 30 de decembro e pola Lei 12/2004, do 7 de decembro, e a normativa de desenvolvemento.

Disposición derradeira
Este decreto entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*. Santiago de Compostela, 5 de xaneiro de 2009.

Acordo da Xunta Electoral de Galicia, do 25 de marzo de 2009, polo que se fan públicos os resultados xerais e por circunscricións, e a relación de deputados e deputadas proclamados electos, nas eleccións ao Parlamento de Galicia celebradas o día 1 de marzo de 2009.

Relación de deputadas e deputados proclamados electos por cada circunscrición:

Provincia da Coruña

Polo Partido Popular: Carlos Negreira Souto, Pedro Manuel Arias Veira, Paula Prado del Río, Diego Calvo Pouso, Natalia Barros Sánchez, Pedro Puy Fraga, Manuel Santos Ruíz Rivas, Beatriz Mato Otero, José Manuel Álvarez-Campana Gallo, Rosa María Quintana Carballo, Alberto Sueiro Pastoriza, Pablo Cobián Fernández de la Puente.

Polo Partido dos Socialistas de Galicia, María del Mar Barcón Sánchez, José Luís Méndez Romeu, Beatriz Sestayo Doce, Xoaquín María Fernández Leiceaga, Silvia Belén Fraga Santos, José Manuel Lage Tuñas, Francisco Julio Cerviño González, María Soledad Soneira Tajes.

Polo Bloque Nacionalista Galego, Anxo Manuel Quintana González, Ana Belén Pontón Mondelo, Carlos Ignacio Aymerich Cano, Ana Luisa Bouza Santiago.

Provincia de Lugo

Polo Partido Popular, Raquel Arias Rodríguez, Jaime Castiñeira Broz, José Manuel Balseiro Orol, Agustín Baamonde Díaz, María Susana López Abella, Daniel Luis Varela Suances-Carpegna, María Isabel García Pacín, José Antonio García López.

Polo Partido dos Socialistas de Galicia, Ricardo Jacinto Varela Sánchez, María Concepción Burgo López, Ismael Rego González, Sonia Verdes Gil, José Tomé Roca.

Polo Bloque Nacionalista Galego, Fernando Xabier Blanco Álvarez, Isabel Sánchez Montenegro.

Provincia de Ourense

Polo Partido Popular, María del Carmen Pardo López, Rosendo Luís Fernández Fernández, Enrique Novoa López, Cristina Isabel Romero Fernández, José Manuel Baltar Blanco, Antonio Rodríguez Miranda, Miguel Angel Santalices Vieira.

Polo Partido dos Socialistas de Galicia, Manuel Vázquez Fernández, Laura Carmen Seara Sobrado, Pablo Xabier López Vidal, María Carmen Acuña do Campo, María Remedios Quintas Álvarez.

Polo Bloque Nacionalista Galego, Alfredo Suárez Canal, María Tereixa Paz Franco.

Provincia de Pontevedra

Polo Partido Popular, Alberto Núñez Feijóo, Alfonso Rueda Valenzuela, Pilar Rojo Noguera, Ignacio Javier López-Chaves Castro, Marta Rodríguez Arias, Román Rodríguez González, José Fervenza Costas, José Carlos López Campos, Marta Valcárcel Gómez, Agustín Hernández Fernández de Rojas, Rosa Oubiña Solla.

Polo Partido dos Socialistas de Galicia, Emilio Pérez Touriño, María José Caride Estévez, Modesto Pose Mesura, María Carmen Gallego Calvar, José Manuel Gallego Lomba, Guillermo Antonio Meijón Couselo, Abel Fermín Losada Álvarez.

Polo Bloque Nacionalista Galego, María Teresa Táboas Veleiro, Henrique Viéitez Alonso, María do Carme Adán Villamarín, Bieito Lobeira Domínguez.

Infórmase, ao abeiro da lexislación electoral vixente, que ata o día de hoxe non consta a existencia de recursos contencioso-electorais.

O señor PRESIDENTE DA MESA DE IDADE (Cerviño González): Moitas gracias, señora Valcárcel Gómez.

Presidente Touriño, señor vicepresidente en funcións, señoras e señores conselleiras e conselleiros, señores deputados e deputadas electos, permítanme expresar a miña perplexidade por ser o presidente da Mesa de Idade. Pero, como deixou escrito Stendhal, a arte é longa e a vida, breve.

Imos proceder agora, señoras e señores deputados á elección da Mesa do Parlamento. Hai un problema cos teléfonos e

dime o uxier que o señor Ruíz Rivas quere plantexar unha cuestión de orde. Non está previsto pero imos ver exactamente qué pretende vostede, señor Ruíz Rivas.

O señor RUÍZ RIVAS: Gracias, presidente.

Pois sabe o noso grupo da ausencia dun compañeiro socialista por un problema de saúde, ao cal lle desexamos loxicamente unha pronta recuperación. E sabemos tamén que iso non altera as maiorías desta Cámara. É por iso que cambiar o sentido do noso voto neste momento pois non ía alterar o resultado final, pois querémonos poñer á disposición do resto dos grupos –porque este é un acontecer que pode suceder de aquí en adiante– pois para todo aquilo que fora necesario para, temporalmente, subsanar calquera tipo de...

O señor PRESIDENTE DA MESA DE IDADE (Cerviño González): Gracias.

Elección da Mesa do Parlamento

Elección de presidenta ou presidente

O señor PRESIDENTE DA MESA DE IDADE (Cerviño González): Como dicía, señoras e señores deputados, imos proceder agora á elección da Mesa do Parlamento, en votacións separadas para o presidente ou presidenta, os vicepresidentes ou as vicepresidentas, o secretario ou a secretaria e o vicesecretario ou a vicesecretaria; ou sexa, tres votacións. A elección efectuarase conforme o previsto no artigo 91 do Regulamento; é dicir, mediante papeletas, tras o chamamento nominal das deputadas e deputados pola secretaria da Mesa de Idade. Os servizos da Cámara están procedendo neste momento á repartición de papeletas de diferente cor para cada cargo: branca para presidente, amarela para os vicepresidentes/vicepresidentas e verde para o secretario/secretaria e vicesecretario/ vicesecretaria.

A expresión do voto efectuarase consignando no recadro correspondente de cada papeleta un só nome; considérase voto en branco aquela papeleta na que non conste ningún nome e considérase voto nulo toda papeleta que conteña máis dun nome, algún risco ou sinal.

Procedemos, pois, señorías, á elección de presidenta ou presidente; en primeiro lugar, polo tanto, papeleta branca, escribindo un só nome.

Señora secretaria, proceda ao chamamento das señoras e señores deputados.

(A señora secretaria da Mesa de Idade, Valcárcel Gómez, procede a efectuar o correspondente chamamento das señoras e señores deputados, que depositan o seu voto na urna.)

O señor PRESIDENTE DA MESA DE IDADE (Cerviño González): Procedemos ao escrutinio.

(Procédese ao escrutinio.) (Pausa.)

O señor PRESIDENTE DA MESA DE IDADE (Cerviño González): Efectuada a votación deu o seguinte resultado: votos emitidos, 74; dona Pilar Rojo Noguera, 38 votos; votos en branco, 36.

Por conseguinte, dona Pilar Rojo Noguera obtivo a maioría absoluta e, por conseguinte, queda proclamada presidenta do Parlamento de Galicia. *(Aplausos.)*

Elección de vicepresidentas ou vicepresidentes

O señor PRESIDENTE DA MESA DE IDADE (Cerviño González): Prégolle novamente á señora Fraga que baixe e á señora secretaria que efectúe novamente o chamamento correspondente. Un momento, a papeleta é a papeleta amarela, e deben escribir –como saben xa as súas señorías– un só nome.
Señora secretaria, cando considere.

(A señora secretaria da Mesa de Idade, Valcárcel Gómez, procede a efectuar o correspondente chamamento das señoras e señores deputados, que depositan o seu voto na urna.)

O señor PRESIDENTE DA MESA DE IDADE (Cerviño González): Procedemos ao escrutinio.

(Procédese ao escrutinio.) (Pausa.)

O resultado da votación é o seguinte: votos emitidos, 74; o deputado don José Manuel Baltar Blanco, 38 votos; o deputado don Ricardo Jacinto Varela Sánchez, 36 votos.

Resultan elixidos e, por conseguinte, quedan proclamados vicepresidente primeiro don José Manuel Baltar Blanco e

vicepresidente segundo don Ricardo Varela Sánchez. *(Aplausos.)*

Elección de secretaria ou secretario e de vicesecretaria ou vicesecretario

O señor PRESIDENTE DA MESA DE IDADE (Cerviño González): Procedemos á elección de secretario ou secretaria e do vicesecretario ou vicesecretaria.

A papeleta é a única que queda, polo tanto é a papeleta de cor verde, ninguén se equivocou, polo tanto é a única que teñen vostedes.

Imos comezar a votación.

Recórdolles ás súas señorías que poden poñer un só nome.

Señora secretaria, cando guste.

(A señora secretaria da Meda de Idade, Valcárcel Gómez, procede a efectuar o correspondente chamamento das señoras e señores deputados, que depositan o seu voto na urna.)

O señor PRESIDENTE DA MESA DE IDADE (Cerviño González): Procedemos ao escrutinio.

(Procédese ao escrutinio.) (Pausa.)

O señor PRESIDENTE DA MESA DE IDADE (Cerviño González): O resultado da votación é o seguinte: total de votos emitidos, 74; don José Manuel Balseiro Orol, 38 votos; don Anxo Quintana González, 36 votos.

Resultan elixidos e, por conseguinte, quedan proclamados secretario don José Manuel Balseiro Orol e vicesecretario don Anxo Quintana González. *(Aplausos.)*

Como consecuencia da elección anterior, a Mesa do Parlamento queda constituída do seguinte xeito: presidenta, dona Pilar Rojo Noguera; vicepresidente primeiro, don José Manuel Baltar Blanco; vicepresidente segundo, don Ricardo Jacinto Varela Sánchez; secretario, don José Manuel Balseiro Orol; vicesecretario, don Anxo Quintana González.

Constitución da Mesa do Parlamento

O señor PRESIDENTE DA MESA DE IDADE (Cerviño González): Prégolles ás señoras e aos señores deputados e deputadas elixidos membros da Mesa que tomen posesión dos seus cargos. *(Os membros da Mesa do Parlamento ocupan os seus postos na Presidencia.)*

Promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución española e ao Estatuto de autonomía de Galicia

A señora PRESIDENTA (Rojo Noguera): Señorías, dando cumprimento ao previsto no artigo 5 do Regulamento da Cámara, procederemos a prestar o xuramento ou promesa de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de Galicia.

En primeiro lugar, farao esta Presidencia e de seguido solicitareilles o cumprimento do dito artigo aos membros da Mesa e aos restantes membros da Cámara.

Segundo o procedemento, a fórmula é a de contestar "si, xuro" ou "si, prometo" á petición de acatar e gardar fidelidade que fará esta Presidencia.

Señoras deputadas e señores deputados, ante o pobo de Galicia, representado aquí polo seu Parlamento, prometo acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de Galicia.

Señor vicepresidente primeiro, don José Manuel Baltar Blanco, ¿xura ou promete acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de Galicia?

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO (Baltar Blanco): Si, xuro.

A señora PRESIDENTA (Rojo Noguera): Señor vicepresidente segundo, don Ricardo Varela Sánchez, ¿xura ou promete acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de Galicia?

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO (Varela Sánchez): Si, prometo.

A señora PRESIDENTA (Rojo Noguera): Señor secretario, don José Manuel Balseiro Orol, ¿xura ou promete acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de Galicia?

O señor SECRETARIO (Balseiro Orol): Si, prometo.

A señora PRESIDENTA (Rojo Noguera): Señor vicesecretario, don Anxo Manuel Quintana González, ¿xura ou promete acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de Galicia?

O señor VICESECRETARIO (Quintana González): Si, prometo.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Rojo Noguera): Deseguido o señor secretario, don José Manuel Balseiro Orol, fará o chamamento das señoras deputadas e dos señores deputados para que dende o propio escano contesten á pregunta que lles formulará a Presidencia.

Señoras deputadas e señores deputados, ¿xuran ou prometen acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de Galicia?

Señor secretario.

O señor SECRETARIO (Balseiro Orol):

Acuña do Campo, María Carmen: Si, prometo.
Adán Villamarín, María do Carme: Si, prometo.
Álvarez-Campana Gallo, José Manuel: Si, xuro.
Arias Rodríguez, Raquel: Si, xuro.
Arias Veira, Pedro Manuel: Si, xuro.
Aymerich Cano, Carlos Ignacio: Si, prometo.
Baamonde Díaz, Agustín: Si, prometo.
Barcón Sánchez, María del Mar: Si, prometo.
Barros Sánchez, Natalia: Si, xuro.
Blanco Álvarez, Fernando Xabier: Si, prometo.
Bouzas Santiago, Ana Luisa: Si, prometo.
Burgo López, María Concepción: Si, prometo.
Calvo Pouso, Diego: Si, juro.
Caride Estévez, María José: Si, prometo.
Castiñeira Broz, Jaime: Si, prometo.
Cerviño González, Francisco Julio: Si, prometo.
Cobián Fernández de la Puente, Pablo: Si, prometo.
Fernández Fernández, Rosendo Luis: Si, prometo.
Fernández Leiceaga, Xoaquín María: Si, prometo.
Fervenza Costas, José: Si, juro.
Fraga Santos, Silvia Belén: Si, prometo.
Gallego Calvar, María Carmen: Si, prometo.
Gallego Lomba, José Manuel: Si, prometo.
García López, Jose Antonio: Si, prometo.
García Pacín, María Isabel: Si, prometo.
Hernández Fernández de Rojas, Agustín: Si, xuro.
Lage Tuñas, José Manuel: Si, prometo.
Lobeira Domínguez, Bieito: Si, prometo.
López Abella, María Susana: Si, xuro.
López Campos, José Carlos: Si, xuro.
López-Chaves Castro, Ignacio Javier: Si, juro.
López Vidal, Pablo Xabier: Si, prometo.
Losada Álvarez, Abel Fermín: Si, prometo.
Mato Otero, Beatriz: Si, prometo.
Meijón Couselo, Guillermo Antonio: Si, prometo.
Méndez Romeu, José Luis: Si, prometo.
Novoa López, Enrique: Si, xuro.
Núñez Feijoo, Alberto: Si, prometo.
Oubiña Solla, Rosa: Si, prometo.
Pardo López, María del Carmen: Si, xuro.
Paz Franco, María Tereixa: Si, prometo.
Pérez Touriño, Emilio: Si, prometo.
Pontón Mondelo, Ana Belén: Si, prometo.
Pose Mesura, Modesto: (Ausente.)
Prado del Río, Paula: Si, xuro.
Puy Fraga, Pedro: Si, prometo.
Quintana Carballo, Rosa María: Si, juro.
Quintas Álvarez, María Remedios: Si, prometo.
Rego González, Ismael: Si, prometo.
Rodríguez Arias, Marta: Si, xuro.
Rodríguez González, Román: Si, prometo.
Rodríguez Miranda, Antonio: Si, xuro.
Romero Fernández, Cristina Isabel: Si, prometo.
Ruíz Rivas, Manuel: Si, xuro.
Sánchez Montenegro, Isabel: Si, prometo.
Santalices Vieira, Miguel Ángel: Si, xuro.
Seara Sobrado, Laura Carmen: Si, prometo.
Sestayo Doce, Beatriz: Si, prometo.
Soneira Tajes, María Soledad: Si, prometo.
Suárez Canal, Alfredo: Si, prometo.
Sueiro Pastoriza, Alberto: Si, xuro.
Táboas Veleiro, María Teresa: Si, prometo.
Tomé Roca, José: Si, prometo.
Valcárcel Gómez, Marta: Si, xuro.
Varela Suances, Daniel Luis: Si, prometo.
Vázquez Fernández, Manuel: Si, prometo.
Verdes Gil, Sonia: Si, prometo.
Viéitez Alonso, Henrique: Si, prometo.

¿Quedou alguén sen nomear?

Alfonso Rueda Venezuela... *(Risos.)*..., a ver en que me enganei aquí...

Negreira Souto, Carlos: Si, prometo.
Rueda Valenzuela, Alfonso: Si, xuro.

A señora PRESIDENTA (Rojo Noguera): Señoras e señores deputados, sei que o día de hoxe non é o momento de discursos, pero, seguindo a tradición instaurada na Cámara polos meus antecesores, gustaríame dar as grazas, porque quero que as miñas primeiras palabras como presidenta do Parlamento de Galicia sexan de agradecemento, de agradecemento pero tamén hoxe de recordo para un compañeiro que non está aquí, desexando de corazón que pronto estea de novo con nós.

En primeiro lugar, grazas, en nome dos membros da Mesa desta Cámara, aos deputados e ás deputadas por elixirnos e pola confianza que todos depositan en nós; e grazas tamén no meu propio nome a Alberto Núñez Feijóo e aos meus compañeiros do grupo parlamentario polo seu apoio incondicional á miña persoa para exercer tan alta responsabilidade.

Señorías, hoxe constituímos o Parlamento de Galicia na VIII lexislatura, dando así cumprimento ao proceso democrático do pasado día 1 de marzo, no que os galegos e as galegas deron un exemplo de participación histórica. A sociedade galega falou, e agora, como representantes seus, debemos ter presente ese mandato levando adiante un traballo rigoroso e construtivo nesta Cámara co obxectivo de buscar entre todos solucións reais aos problemas reais que temos os cidadáns galegos.

É certo que nunha democracia de partidos nos separan cousas, pero únenos a todos algo moito máis importante, que é a paixón e as enormes ganas de traballar por Galicia. A ese consenso apelo hoxe, máis aínda, se cabe, polos momentos de especial dificultade económica que nos toca vivir. Os galegos deben sentir que o noso traballo realmente os representa, e o balance final desta lexislatura que hoxe comeza debe convencer ao noso pobo de que aquí estamos para servilo.

Quixera tamén ter unhas palabras de recoñecemento e de recordo para aqueles a quen hoxe teño a honra de suceder nesta Presidencia. Dende Antonio Rosón, como o primeiro presidente desta Cámara –que estou segura é unha referencia para moitos de nós e que hoxe inspira tamén as miñas palabras–, a Tomás Pérez Vidal, Victorino Núñez, José María García Leira e, cómo non, para Dolores Villarino, a persoa a quen hoxe substitúo e que abriu a porta ás mulleres na Presidencia desta Cámara. Eu espero, sinceramente, que o meu nomeamento contribúa tamén a que o acceso das mulleres aos diferentes postos de responsabilidade se asuma con naturalidade e a que o feito do xénero deixe dunha vez de ser noticia.

Remato co desexo de que todos os membros desta Cámara sexamos capaces de sentir e recoller as necesidades e inquedanzas dos galegos e das galegas.

Moitas gracias. *(Aplausos.)*

E xa para rematar, declárase constituída a VIII lexislatura do Parlamento de Galicia en virtude do artigo 5 do Regulamento, constitución que será comunicada ao Rei, ao Senado, ao presidente en funcións da Xunta de Galicia e ao presidente do Goberno da nazón.

Moitas grazas.

Ben, agora todos os deputados e todas as deputadas, e os invitados que nos acompañan, escoitaremos ou cantaremos o noso himno nacional.

(Os deputados e as deputadas, postos en pé, cantan o himno galego.) (Aplausos.)

A señora PRESIDENTA: Levántase a sesión.

Remata a sesión ás doce e corenta e dous minutos do mediodía.

DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servicio de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25